

BASES “3ª BOLSA CARCROSS FGA 2025”

(AUTOCROSS E MONTAÑA)

1.INTRODUCCIÓN

A Federación Galega de Automobilismo promoverá a “3ª BOLSA CARCROSS-FGA”.

O obxectivo é promocionar a modalidade Carcross entre os pilotos máis novos e atopar un novo talento para competir no Campionato Xunta de Galicia de Autocross e outro no Campionato Xunta de Galicia de Montaña.

2.REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

- Ter unha idade mínima de 13 anos e unha máxima de 17 o día 1 de xaneiro 2025 no caso de autocross e máis de 16 anos no ano 2025 (cumpridos antes do 1 de abril) no caso da montaña (Idade máxima 18 anos o día 31 de decembro de 2025).
- Estar empadroadado en Galicia antes do 15 de Outubro de 2024.
- Non haber competido en máis de 4 probas autonómicas e/ou estatais que requerisen estar en posesión dalgunha licenza federativa, sexa autonómica ou nacional, en ningunha modalidade do automobilismo a excepción do karting, onde non hai limitación de participacións.

3.INSCRIPCIÓN E CUSTO

Envío do boletín de inscrición que se atopa ao final deste regulamento debidamente cuberto ao correo fga@fga.es , xunto co xustificante de pago dos dereitos de inscrición (150€) na conta bancaria ES60 2080 5041 1130 4007 3565 (ABANCA). FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, CONCEPTO BOLSA CARCROSS e o DNI por ámbalas caras.

4.PROCESO DE SELECCIÓN

A primeira fase da selección será por rigorosa orde de recepción das inscricións (o prazo pecha o 29 de xaneiro). Hai 25 prazas dispoñibles como máximo.

As 25 promesas seleccionadas formarán parte do proceso de selección que terá lugar o día 1 de febreiro de 2025 nas instalacións de PTC Escola no circuito de A Pastoriza, en Lugo.

A pesar de que o premio para o gañador será competir sobre terra (asfalto no caso da montaña), a selección será sobre asfalto para garantir unha igualdade total no proceso de selección, algo moi difícil de acadar sobre terra, onde as condicións de agarre poden ser cambiantes nunha escasa marxe de tempo e con maior ou menor uso da pista.

Antes de comezar co proceso de selección e eliminatorias, os 25 participantes recibirán un curso teórico e práctico dado por monitores especializados de PTC Escola.

Recoméndase que os participantes teñan un mínimo de experiencia ao volante con vehículos de estricta serie (especialmente o uso de marchas) para poder sacar rendemento na pista ás explicacións técnicas dos monitores.

O programa será o seguinte:

- De 09:00 a 13:00 horas: Teoría e dúas series de conducción (Vehículos de serie).
A continuación, comezase co proceso de eliminatorias, nas que os finalistas irán clasificándose co único e exclusivo criterio dos tempos realizados, sendo cronometrados en todo momento cos equipos de cronometraxe oficiais da FGA. O circuito estará delimitado por diferentes elementos estáticos tales coma conos, chicanes ou colchóns de espuma. Tirar, golpear ou desprazar os devanditos elementos ou así coma atallar conlevará penalizacións que se especificarán o día da proba e sempre antes de que comecen as diferentes fases do proceso de selección.
- 1ª Manga clasificatoria: 3 voltas (con vehículos de serie. Tomarase o tempo da mellor volta). Unha vez realizada por tódolos participantes pasarán á seguinte fase o 50% dos participantes.
- Semifinais: 3 voltas ao circuito, agora en sentido inverso (con vehículos de serie. Tomarase o tempo da mellor volta). Unha vez realizada por tódolos participantes pasarán a seguinte fase os 3 primeiros clasificados.
- Final (Variante curta do circuito): 6 voltas de adestramentos libres co Yacarcross. A continuación, 3 voltas cronometradas (tomarase o tempo da mellor volta). O participante co mellor crono será o gañador da “3ª Bolsa Carcross-FGA Autocross”. O segundo clasificado será o gañador da “3ª Bolsa Carcross-FGA Montaña” (para obter este premio hay que ter 16 anos o día 1 de abril de 2025).

5. PREMIO AO GAÑADOR (AUTOCROSS)

- Curso de competición en PTC Escola.
- Curso de mecánica e axustes en Yacar Racing.
- Participación en tódalas probas do Campionato Xunta de Galicia de Autocross.

A BOLSA DE AUTOCROSS INCLÚE:

- Licenza de concursante asignada pola FGA.
- Aluguer vehículo carcross Ya-Car Racing.

- Asistencia e mecánico.
- 1 Xogo de pneumáticos por carreira.
- Gasolina e consumibles.
- Gastos derivados de avarías mecánicas non causadas por accidentes
- Hospitality (incluído no equipo Ya Car Racing).
- Mono de competición.

A BOLSA DE AUTOCROSS NON INCLÚE:

- Gastos derivados de accidentes (pezas e man de obra con cargo ó piloto).
- Gastos de desprazamento e manutención do piloto ó seu cargo.
- Licenza de piloto.
- Inscripcións nas probas.
- Equipamento do piloto (casco, luvas, botíns, hans, etc), con cargo ó piloto.

PREMIO AO GAÑADOR (MONTAÑA)

- Curso de competición en PTC Escola.
- Participación en seis das sete probas do Campionato Xunta de Galicia de Montaña.

A BOLSA DE MONTAÑA INCLÚE:

- Licenza de concursante asignada pola FGA.
- Aluguer vehículo carcross a +Taller Motor.
- Asistencia e mecánico.
- Suministro de pneumáticos por tempada.
- Gasolina e consumibles.
- Gastos derivados de avarías mecánicas non causadas por accidentes
- Mono de competición.

A BOLSA DE MONTAÑA NON INCLÚE:

- Gastos derivados de accidentes (pezas e man de obra con cargo ó piloto).
- Gastos de desprazamento e manutención do piloto ó seu cargo.
- Licenza de piloto.
- Inscripcións nas probas.
- Equipamento do piloto (casco, luvas, botíns, hans, etc), con cargo ó piloto.

6. CONDICIÓN E CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS:

Posibles circunstancias que se poderían dar:

- Climatoloxía cambiante que afecte os tempos no proceso de selección: A criterio do comité organizador, podendo buscar unha solución, ou non, modificándose a clasificación. Dependerá da gravidade e as opcións que existan dadas as circunstancias.
- A climatoloxía é algo que se escapa ó control da organización, e as decisións tomaranse ó exclusivo criterio do comité organizador.
- Coñecemento do incumprimento dalgún dos requisitos para a participación a posteriori da selección: Exclusión e otorgarse o premio ao segundo clasificado, e así sucesivamente.
- Rexeitamento do premio por parte do gañador: outorgamento ao segundo clasificado, e así sucesivamente.
- Acción irregular ou actitude antideportiva ao longo do programa: A decisión do Comité-Organizador-Avaliador, podendo chegar á cancelación inmediata do mesmo.
- Intromisión por parte de familiares ou contorno do piloto ao longo do programa: A decisión do Comité-Organizador-Avaliador, podendo chegar á cancelación inmediata do mesmo.
- **TODOS OS CASOS NON CONTEMPLADOS NESTAS BASES SERÁ DECISIÓN ÚNICA E EXCLUSIVA DO COMITÉ ORGANIZADOR / AVALIADOR, PREVIO INFORME MOTIVADO DA ASESORÍA XURÍDICA DA FGA.**

7. CONTRATO

- O pai/nai/titor do gañador asinará un contrato que incluíra condicións anteriores e comprometerase á realización completa do programa de 2025 do premiado.

COMISIÓN DE AUTOCROSS E MONTAÑA

DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Deberán cumprimentarse tódolos campos e asinarase

NOME E APELIDOS: _____

DATA DE NACEMENTO: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

CP: _____ LOCALIDADE: _____

PROVINCIA: _____

TELÉFONO: _____

E-MAIL: _____

DEREITOS DE INSCRIPCIÓN

- Fixaranse en 150€ a aboar polo piloto.
- Conta para o pago das taxas: ES60 2080 5041 1130 4007 3565 (ABANCA)
- É requisito indispensable enviar o xustificante de pago, xunto co boletín de inscrición e unha fotografía do dni por ambas caras a fga@fga.es

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE TÓDOLOS DATOS FACILITADOS SON VERDADEIROS E QUE CUMPRO TÓDOLOS REQUISITOS QUE SE ESIXEN PARA PARTICIPAR NA “BOLSA CARCROSS FGA 2025”. ASÍMESMO AUTORIZO Á ORGANIZACIÓN A SOLICITAR AS CERTIFICACIÓNS NECESARIAS PARA A SÚA COMPROBACIÓN E CONCEDO PERMISO PARA A FILMACIÓN E REALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS E VÍDEO DURANTE O EVENTO PARA A SÚA DIFUSIÓN EN MEDIOS E REDES DA FGA

Asinado:

D:/Dna: _____